



Oroso di NON á violencia de xénero

Durante todo o ano o Concello de Oroso traballa para avanzar cara a igualdade entre homes e mulleres, pero en novembro a súa labor contra a violencia de xénero será especialmente activa para conmemorar o 25N, Día internacional da Eliminación da Violencia contra a Muller.




Programa IGUALAR3 no IES de Oroso. Sen educación non se eliminará a violencia de xénero. Por iso o Concello de Oroso e a Mancomunidade de Ordes poñen en marcha este programa que achegará aos nosos mozos/as á realidade da lacra da violencia de xénero e os fará reflexionar sobre o seu papel á hora de apostar por unha relación de igualdade entre homes e mulleres e desbotar a violencia.



Contacontos. O alumnado dos CEIP de Oroso e de Sigüeiro terán unha sesión de contacontos sobre a igualdade o 25-N no centro cultural de Sigüeiro. Ana Carreira conta-ralles: "As princesas pitas" e "A rebelión das lavandeiras".



Teatro familiar. O venres 28 as familias poden ver no centro cultural "O país dos mandóns", de **Ghazafellos**, sobre como mulleres e homes teñen os mesmos dereitos.



O deporte tamén se posiciona contra a violencia. As entidades deportivas orosás gravarán un vídeo no que se manifesten firmemente contra a violencia de xénero e a prol da igualdade.



O comercio rexista a violencia. O 25-N, as persoas que merquen nos comercios que colaboran con esta campaña recibirán unha bolsa biodegradable con lemas en contra da violencia.

E unha última hora: un **obradoiro de autoprotección para mulleres**, o mércores 26, de 11 a 14:00 horas, no complexo deportivo Juanito Amigo. Se estás interesada, anótate nos Servizos Sociais (981 698 950). E lembra que están a disposición dos veciños/as que o precisen os Servizos Sociais de Oroso e o **Centro de Información á Muller** (981 682 108), de xeito **gratuito e confidencial**.

Axenda: Novembro

3	- Programa Igualar. IES Oroso.	11	- I Carreira do novo CEIP Oroso	22	- Curso de cupcakes e galletas - Contacontos. Aí ven o coco!. 11.00 h. Biblioteca
4	- Programa Igualar. IES Oroso. - Martes saudables: "Musicoterapia". 17:00 h. - Inicio curso Graduado ESO.	12	- Charla sobre Primeiros Auxilio. 17:00 h. Escola infantil da Ulloa.	25	- Contacontos do 25 N, con Ana Carreira. Participan nenos/as dos CEIP de Sigüeiro e de Oroso
5	- Programa Igualar. IES Oroso.	14	- Inauguración do "Outono Fotográfico", coa exposición da fotógrafa Loli Fernández (Lindeiros)	28	- "O país dos mandóns", por Ghazafellos. 11:15 h. - Rebotica dos contos, 18:00 h.
6	- Fin do curso "Marca Persoal" da aula CeMIT Oroso	15	- Contacontos. Aí ven o coco!. 11.00 h. Biblioteca	29	- Curso de cupcakes e galletas - Contacontos. Aí ven o coco!. - Baile de maiores, co grupo Satélites. 19.30 h.
7	- Programa Igualar. IES Oroso.	18	- Fin do curso "Redes Sociais" da aula CeMIT Oroso	30	- Fin do "Outono Fotográfico", coa exposición da fotógrafa Loli Fernández (Lindeiros)
8	- Contacontos. Aí ven o coco!. 11.00 h. Biblioteca	20	- Fin do prazo para presentarse ás axudas a entidades sen ánimo de lucro da Deputación		
10	- Inicio do curso "Redes Sociais" da aula CeMIT Oroso	21	- En busca do libro perdido, 18 h. na biblioteca de Sigüeiro		



...e para o mes NADAL!!!!



A nova gardería estará lista para o curso 2015-2016

As obras da nova **escola infantil municipal de Oroso**, que deron comezo o pasado mes de abril, estarán finalizadas antes de que remate 2014. Así llo confirmaron os responsables da empresa adxudicataria destes traballos ao alcalde Manuel Mirás, e ao concelleiro de Obras, Eduardo Veiras, durante unha visita ás instalacións. Mirás amósase moi satisfeitos tanto polo ritmo das obras como pola execución das mesmas xa que "así non haberá unha apertura tan precipitada como a do novo colexio, senón que poderemos abrir a matrícula o vindeiro mes de abril e empezar a funcionar no curso 2015-2016" e destaca que "deste xeito, espero que todos os nenos e nenas de entre 0 e 3 anos poidan estar escolarizados en Oroso". O alcalde destacou a colaboración ofrecida tanto pola empresa adxudicataria das obras como pola Consellería de Traballo e Benestar, en contraposición á actitude mantida pola Consellería de Educación co novo colexio de Oroso, que derivou en que aínda se estean arranxando defectos nas novas instalacións como o peche perimetral ou o patio cuberto.



Manuel Mirás e Eduardo Veiras, moi satisfeitos coa marcha das obras



Charla de primeiros auxilios na escola infantil da Ulloa



O Concello organiza unha charla de primeiros auxilios dirixida a pais e nais con fill@s na gardería da Ulloa. Terá lugar o mércores 12 de novembro, ás 17:00 horas, na propia escola infantil da Ulloa. A asistencia é libre e de balde. Esta charla dará continuidade á celebrada en outubro sobre **seguridade infantil no fogar**, na

que pais e nais que aprenderon como evitar accidentes e como actuar cando se producen.



Nova tempada do Programa de Animación á Lectura

O Concello de Oroso inicia en novembro unha nova tempada do Programa Municipal de Animación á Lectura, que traerá cada mes á biblioteca municipal de Sigüeiro 4 sesións de contacontos nas mañás dos sábados e dous obradoiros os dous últimos venres de cada mes. Como non podía ser doutro xeito, o samaín será o protagonista do programa durante o mes de novembro.





O Concello acomete melloras en Marzoa, Deixebre e Oroso

O Concello de Oroso vén de iniciar os traballos de mellora da estrada que comunica as parroquias de Marzoa e Deixebre. Unha estrada onde xa realizou traballos de limpeza de cunetas. Agora o Concello procederá a anchar algúns tramos para incrementar a seguridade viaria dos condutores así como a mellorar a súa capa de rodadura con aglomerado asfáltico.



Actuacións de mellora na estrada que une Marzoa e Deixebre

Así mesmo, na primeira quincena do mes de novembro comezarán as obras de preinstalación de alumeadado público e de zonas peonís na estrada que une os núcleos rurais de **Vilalbarro e O Cruceiro** coa estrada N-550, ao seu paso pola parroquia de Oroso.



O Concello informa das axudas a entidades sen ánimo de lucro

O Concello de Oroso informa de que o BOP do luns 27 de outubro publica as **bases da convocatoria** de subvencións da Deputación dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para toda a provincia. En concreto, trátase das axudas nas áreas de Promoción Económica, Cultura, Deportes e Servizos Sociais. O prazo de presentación de solicitudes remata o 20 de novembro. Máis información en www.dicoruna.es ou no Concello de Oroso.



Convocado o IV Concurso de Postais de Nadal con Mensaxe

O Concello de Oroso convoca o seu tradicional concurso de postais de Nadal, que por cuarto ano incluírán tamén unha mensaxe de felicitación en galego. O xurado valorará tanto a presentación, o esforzo e a orixinalidade da postal como o contido da mensaxe e a calidade do galego usado. O concurso está aberto a todos os veciños e veciñas que desexen participar, para o que haberá catro categorías. Os orixinais deberán presentarse, baixo sistema de plica, no centro cultural.

Martes saudables cos maiores

TODOS OS 1º MARTES DE MES

Martes 7 de outubro
Coidados no paciente cardiolóxico

Martes 4 de novembro
Musicoterapia

Horario:
de 17:00 - 19:00
Lugar: Local de Terceira Idade.
Rúa do Campo, 9

MAIS INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓNS:
SERVIZOS SOCIAIS
RUA DO DEPORTE 9 BAIXO OU NO TELÉFONO 981680950

CONCELLO DE OROSO

BÚSCANSE VOLUNTARIOS/AS

ESTEHA actividade é un voluntariado de carácter de longo prazo. OHA TRABALLAREMOS ACTIVIDADES DE DEPENDENCIA CON XENTE MIEGA NO NOSTRO CONCELLO. O LUGAR: APLA DE XEVENTE DE MUNICIPAL DE OROSO. HORARIO: DE 17:00 A 19:00 HORAS DE APTITUDE DA MAIÚA A 18:30 HORAS DE XEVENTE A XEVENTE. PODEMOS XERAR CON XEVENTE.

atelo
correo: voluntariado@concellooroso.com
Facebook: Voluntariado Oroso
Tfno.: 981690102

Centro cultural Fernando de Casas e Novoa (Sigüeiro-Oroso)

VOLUNTARIADO OROSO

OROSO **PLAN DE INCLUSIÓN DIXITAL DO CONCELLO DE OROSO**
con formación

Aula de Formación **EDUCAOROSO**
Rede CeMIT

faite dixit@! **CURSOS GRATUÍTOS**
San de Calista, San Damián

Marca persoal
do 29 de outubro ao 8 de novembro
QUENDA DE TRABE
doe 18:00 a 20:00 horas

Redes sociais
do 10 ao 18 novembro
QUENDA DE TRABE
doe 18:00 a 20:00 horas

ESTRATEGIAS DE MÁRQUETING ONLINE, COMERCIO ELECTRÓNICO E VENDA A TRAVÉS DE INTERNET.

XUNTA DE GALICIA **amtega** **CeMIT** **Centro para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica**

Foi noticia...



Ducias de cativos celebraron o **Día da Biblioteca** cunha sesión especial de monicreques organizada polo Concello e a Deputación: "A biblioteca dos libros perdidos", a cargo de Fanfara Títeres.



Os rapaces da ED Xuventude Oroso recibiron a visita da estrela do fútbol sala Julio César Simonato Cordeiro "**Alemao**". Campión de Europa e subcampión do Mundo con España, "Alemao" compartiu experiencias cos nosos rapaces.



Uns 150 cativos do novo CEIP de Oroso recibiron unha **charla sobre reciclaxe**.



M. Mirás e E. Veiras supervisan as obras

Comeza a reurbanización da Rúa do Tambre e remata a senda peonil de Porto Avieira

O Concello de Oroso iniciou o pasado mes de outubro a **reurbanización da rúa do Tambre**, na que inviste un total de 135.000 euros e que inclúe ampliación de beirarrúas, eliminación de barreiras arquitectónicas e renovación do alumeadado público e da recollida de pluviais. Manuel Mirás explica que "as obras van a acometerse en dúas fases, para non ter

que cortar o tráfico en toda a rúa e evitarlles molestias aos veciños e veciñas Sigüeiro". As obras contan cun prazo de execución de 3 meses, pero estarán listas antes do Nadal se as condicións meteorolóxicas o permiten. A que xa está rematada é a **senda peonil de acceso a Porto Avieira**, na que o Concello investiu 50.000 euros. Deste xeito, os veciños/as da urbanización Porto Avieira quedan conectados con Sigüeiro a través de senda peonil.



Veciñas de Oroso culminaron o programa "**Hola Fabiola**", un curso de informática para mulleres inmigrantes organizado polo Concello e o CIM de Ordes. O éxito foi tal, que estas veciñas seguirán formándose.



Corenta veciños e veciñas participaron nas **III Xornadas Micolóxicas** de Oroso, que incluíron sesión teórica, saída ao monte a apanhar cogomelos, clasificación dos mesmos e unha degustación.



Os integrantes da **Coral Polifónica de Senra** celebraron un xantar de confraternidade nun ano no que a agrupación acordou facer un parón nas súas actuacións. Esperamos velos moi pronto sobre un escenario.